Pero da Ponte

Rubrica
Vistes, madr', o que dizia
que por mi era coitado?
Pois mandado nom m'envia,
entend'eu do perjurado
que já nom teme mia ira,
ca, senom, noite nem dia,
a meos de meu mandado,
nunca s'el daqui partira.

E vistes u s'el partia
de mi, mui sem o meu grado,
e jurando que havia
por mi penas e cuidado?
Tod'andava com mentira,
ca, senom, noite nem dia,
a meos de meu mandado,
nunca s'el daqui partira.

E já qual molher devia
creer per nulh'home nado?
Pois o que assi morria
polo meu bom gasalhado
já x'i por outra sospira,
ca, senom, noite nem dia,
a meos de meu mandado,
nunca s'el daqui partira.

Mais Deus, quen'o cuidaria:
del viver tam alongado
d'u el os meus olhos vira?

cantigas-stag.square-bit.com

© 16/11/2026